

Homenaxe a Francisco Manso Barrós “O Cafú” no cincuenta aniversario do seu pasamento

ACR COLANTRES*

Sumario

O 12 de novembro de 2022 a ACR Colantres celebrou unha homenaxe polo 50 aniversario do pasamento de Francisco Manso Barrós, máis coñecido como “O Cafú”, fillo e neto de gaiteiros de Colantres, no Concello de Coirós. Dende o seu nacemento a ACR Colantres levou ao Cafú por bandeira e co gallo de honrar a súa figura organizouse un evento onde se colocou unha placa no panteón de Colantres, realizouse un faladoiro “Os primeiros anos do Cafú” e unha exposición bibliográfica e fotográfica na Antiga Escola de Queirís.

Abstract

On the 12th of November of 2022, the ACR Colantres held a tribute on the 50th anniversary of the death of Francisco Manso Barrós, better known as “O Cafú”, a son and grandson of pipers from Colantres, in the municipality of Coirós. Since its birth, the ACR Colantres has carried the Cafú as an insignia and on the occasion of honouring his figure it has organized an event where a plaque was placed on the family pantheon in Colantres. A seminar by the title “The early years of Cafú” took place, as well as a bibliographical and photographic exhibition, in the Old School of Queirís.

1. Introducción

O municipio de Coirós pode presumir de albergar a figura de referentes culturais moi potentes da comarca das Mariñas, como é a familia dos Cafús, coa gaita por bandeira durante os séculos XIX e XX no caso que nos ocupa (e ben seguro que antes tamén), ou mesmo gaiteiros dos concellos veciños como o Vello Rilo. Se botamos a mirada atrás ben podemos mencionar outros músicos e compositores medievais como Pero d’Armea ou a coñecida soldadeira María Pérez “A Balteira”.

A relevancia desta homenaxe encádrase na busca e reivindicación tan necesaria no contexto actual das figuras máis senlleiras da nosa tradición musical local. O sistema da nosa cultura tradicional foi historicamente de carácter local onde os procesos de folclorización e uniformización relegaron a figura do gaiteiro tradicional a un segundo plano. Con esta homenaxe buscamos volver poñer o foco nun dos protagonistas da cultura tradicional da nosa contorna e esperamos espertar as inquedanzas entre as persoas que estamos e as que poden chegar a vir.

***A ACR Colantres** nace no municipio de Coirós no ano 1985 con sede na Antiga Escola de Queirís, lugar da parroquia de Colantres. Dende os seus inicios desenvolve actividades de índole cultural, recreativa e deportiva destinadas ás súas persoas socias (case 300 a día de hoxe) así como á veciñanza de Coirós e municipios limítrofes.

Daniel Vidal Gómez é o secretario da ACR Colantres. É mestre de Educación Infantil e conta cun Mestrado en Psicopedagogía pola Universidade da Coruña. Actualmente oposita ao corpo público de docentes e está vinculado coa música e baile tradicional galegos, participando da vida asociativa en varias asociacións culturais da contorna.

Xabier Díaz García foi bailador das Danzas Gremiais de Labradores e Mariñeiros de Betanzos entre 1969 e 1973. É investigador e documentalista da vida dos coros galegos e do mundo da gaita, en particular de todo o que se refire á figura de Francisco Manso Barrós “O Cafú” nas súas variadas manifestacións artísticas.

Como pobo e como coñecedoras do noso pasado e logo de ter comentado a chegada do cincuenta aniversario do pasamento do gaiteiro *Cafú*, lembrar a Francisco Manso, *Cafú* ou *Paquito* como lle chamaban as veciñas, supón para a cultura local e para as súas xentes o recordo dun tempo pasado, dunhas vivencias que traer ao presente e deixar constancia á súa honra. Sobre todo porque se trataba dunha personaxe ben coñecida e moi querida pola veciñanza maior da parroquia, dos que moitos aínda o lembran sentado diante da súa casa, que tamén foi tenda e taberna, ca súa muller a Tía Andrea, da que segundo contan as veciñas, tamén bailaba o suelto.



Imaxe 1: Francisco Manso Barrós “O Cafú” e José Castro Servia “O Tecelán” quen foi o seu tamborileiro nos últimos anos.
Fonte: ACR Collantres.



2. A ACR Colantres e o Cafú

A vida cultural de Galicia no eido das tradicións musicais é máis que coñecida e reivindicada, se cabe, aínda máis a día de hoxe. É sabido por todas e todos que isto non xurdiu da nada senón que existe unha bagaxe, unha historia detrás; e cada pobo, cada aldea ten a súa propia.

Neste senso, situámonos no municipio de Coirós, lindeiro co municipio de Betanzos, na provincia da Coruña. Este espazo, aínda rural pese á proximidade coa vila, é o contexto onde se desenvolve a homenaxe a Francisco Manso Barrós “O Cafú”, fillo e neto de gaiteiros; quen naceu, viviu e faleceu na parroquia de Colantres, nunha casa inexistente actualmente por mor da ampliación da estrada nacional VI, moi próxima á Antiga Escola Unitaria de Queirís.

A ACR Collantres leva ao *Cafú* como insignia desde as súas orixes, alá polo 1985, trece anos despois do seu falecemento, xa que o logo da asociación amosa ao Cafú e a José Castro Servia, máis coñecido como “O Tecelán”, o seu caixeiro dos últimos anos, en actitude festiva e alegre, tal e como os lembran quen os coñeceron. Este logo foi elaborado por Antonio Palla Cabanas, mestre betanceiro e colaborador do Globo de Betanzos, e cedido a esta asociación.

Imaxe 2: Logo orixinal da ACR Collantres realizado por Antonio Palla Cabanas. Fonte: ACR Collantres.

Ao longo dos anos, o *Cafú* estivo presente na asociación a través das actividades culturais realizadas das que podemos destacar a realización dunha homenaxe o venres 21 de Xaneiro do ano 2000 onde se solicitou á veciñanza imaxes do *Cafú* e familia para poder realizar unha exposición. Así mesmo, achegouse un díptico informativo cunha pequena biografía do famoso gaitero, contando tamén coa participación do gaitero Xosé “Pepe” Temprano así como Bieito Romero, membro de Luar na Lubre, quen cedeu fotografías para a exposición.

Foron diversas as homenaxes realizadas ao tan afamado gaitero, algunhas das cales aparecen recollidas no libro publicado pola SCRD Fillos de Ois e a Deputación da Coruña titulado *Coirós a través da prensa. 1853-1982*¹.

Outras referencias ao gaitero atópanse nas paredes do interior do local social de Queirís onde contamos cun retrato realizado por Omar Benítez Favela, quen estivo de formación na Fundación CIEC de Betanzos.

Co paso dos anos, a andaina en canto a música tradicional tivo un bo esplendor e continuación no tempo ca Asociación Cultural, Deportiva e Recreativa “Brixeira” con corpo de baile e o grupo “Manalúa”, de pandeireta. Esta asociación nada en Coirós mantivo actividade dende o 1995-96 cunha traxectoria de aproximadamente 10 anos, desenvolvendo aulas de música e baile tradicional coa colaboración do Concello de Coirós. Así, participaron en diferentes concursos de pandeireta en localizacións como Arteixo, Padrón, Vigo ou Santiago de Compostela, entre outras; resultando gañadoras de primeiros e segundos premios que se exhiben en Coirós como reflexo do potencial musical que tivo, ten e terá o noso municipio.

No que implica á ACR Collantres, esta continuou co legado creando un grupo de música e baile tradicional no ano 2013 e que durante o ano 2023 celebrará o seu décimo aniversario, para o cal se están a organizar diferentes actos. Este grupo foi aumentando en número polo que uns anos despois converteuse na Escola de Música e Baile Tradicional de Coirós, como grupo municipal. Así, o legado musical tradicional parece ter os seus froitos e o grupo, que continúa en activo con máis de 60 compoñentes, segue medrando en número e calidade contando con gaiteras/os, pandeireteiras/os e bailadores/as adultas así como os grupos infantís “Pícar@s”, “Repoludas” e “Silandeiras”.

Imaxe 3: Cartaz da IV Foliada da ACR Collantres con deseño do *Cafú* por Fuco Bermúdez. Fonte: ACR Collantres.





Imaxe 4: Cartaz da homenaxe ao Cafú polo 50 aniversario do seu pasamento.
Fonte: ACR Collantres.

Dende hai cinco anos, en colaboración co Concello de Coirós e a Deputación da Coruña, ven organizando unha foliada anual onde festexar a nosa música e compartila con asociacións e grupos lindeiros, comezando no ano 2022 co *1 Festival de música e baile tradicional de Coirós*. Nesta última edición, a propia figura do *Cafú* foi parte importante do cartaz, contando cun deseño de Fuco Bermúdez.

3. Homenaxe ao *Cafú* no cincuenta aniversario do pasamento

O *Cafú* nace na parroquia de San Salvador de Colantres o 7 de xuño de 1889 e falece no mesmo lugar o 8 de novembro de 1972, sendo soterrado no adro da igrexa parroquial. Logo de cincuenta anos do seu pasamento, a ACR Colantres en colaboración con Xabier Díaz García organiza un acto conmemorativo que se celebrou o 12 de novembro de 2022 no adro da igrexa parroquial así como no local da Antiga Escola de Queirís.

O acto comezou ás 17:30 horas no adro da Igrexa de Colantres onde está soterrado o *Cafú* e, logo dunhas palabras de agradecemento á asistencia de familiares do homenaxeado, veciñanza, concelleiras/os, o acto comezou co descubrimento dunha placa onde a EMBT de Coirós interpretou unhas pezas, muiñeira e xota, diante do panteón en agradecemento e lembranza da figura do *Cafú*.



Imaxe 5: Placa no panteón familiar.
Adro da Igrexa parroquial de Colantres-Coirós.
Fonte: ACR Collantres.

Imaxe 6: A EMBT de Coirós interpretando unhas pezas diante do panteón familiar onde está soterrado o *Cafú*.
Fonte: ACR Collantres.



O evento continuou cun faladoiro denominado *Os primeiros anos do Cafú*, quizais os anos máis descoñecidos pola veciñanza debido a situarmos na época na que Francisco Manso Barrós, tras o falecemento de seu pai, colle o relevo no oficio de gaiteiro aló polo 1908 ao que pouco tempo despois se xunta o seu irmán José á caixa, ata o falecemento deste último no 1944.

Ao remate do faladoiro proxectouse o último vídeo gravado por RTVE para un programa da serie *Raíces* onde *Cafú* toca para as danzas de mariñeiros de Betanzos no 1972. Clausúrase o faladoiro coa lectura dun conto titulado *Un convidado* do libro *Manuel Roel. Un autor ignorado*, onde se menciona con retransca, aos *Cafús*, pai e fillo.

A continuación, as persoas asistentes puideron observar unha pequena exposición bibliográfica e fotográfica onde se expuxo documentación con imaxes de Francisco e José Manso Barros retratados por Ruth Matilda Anderson en xaneiro de 1926 nunha das súas visitas a Galicia, imaxes propiedade da Hispanic Society of America recollidas nos catálogos *Ruth Matilda Anderson. Unha viaxe pola indumentaria tradicional de Galicia e Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia* publicados pola AFundación e Asociación Etnográfica Sete Espadelas, respectivamente. A Biblioteca, Arquivo e Museo de Betanzos emprestou á ACR Colantres documentos como a entrevista orixinal da revista *O Garelo* publicada pola OJE de Betanzos, o libro *Orquestras Populares das Mariñas* ou un retrato realizado por Eduardo Muñoz Vales².



Imaxe 7: Exposición bibliográfica e fotográfica na Antiga Escola de Queirís.
Fonte: ACR Collantres.

As fotografías expostas foron aquelas recollidas na anterior homenaxe ao gaiteiro realizada no ano 2000, onde podemos atopar unha das máis antigas co Cafú e o seu irmán José sendo novos; pois a maioría das fotografías amosan só os últimos anos do gaiteiro tocando para as danzas de mariñeiros de Betanzos e mesmo de Colantres, onde tamén a veciñanza recreou as danzas de mariñeiros para as cales se solicitaban os arcos a Betanzos.

Así mesmo, a familia de Outeiro do Ferrollo emprestou unha gaita realizada polo artesán Antón Represas, mesmo artesán que realizou unha das últimas gaitas do *Cafú*. Como referencia a José Manso Barrós, foi emprestada por María Boedo Rey unha caixa. Ningún dos dous instrumentos son orixinais dos *Cafús*, só postos en exposición como referencia instrumental.

Como remate do acto, a asociación convidou ás persoas asistentes a uns aperitivos onde xuntarse e conversar.



Imaxe 8: Gran parte da veciñanza asistente ao descubrimento da placa conmemorativa. Fonte: ACR Colantres.

4. Faladoiro: Os primeiros anos do Cafú, por Xabier Díaz García

O 7 de xuño de 1889 á unha da tarde nacia na casa familiar da parroquia de San Salvador de Colantres un neno que se chamaría Francisco Manso Barrós, fillo de Manuel e de Andrea, terceiro de sete irmáns que ao longo da súa vida sería labrego, por nacemento, mais tamén pescador, taberneiro e carpinteiro por necesidade, pero sobre todo músico e bailarador por tradición familiar e por devoción.

O seu avó Manuel, o seu pai, e dous dos seus tíos, Nicolás e Andrés, tamén tocaron a gaita. Seu irmán José e algúns dos outros irmáns e curmáns foron músicos ou bailaradores, incluso na emigración.

No ano 1900 durante a visita á Coruña do infante Alfonso XIII e a súa nai a Raíña Rexente María Cristina de Habsburgo, seu pai foi contratado para tocar acompañando a un grupo de baile de mozas e mozos de diferentes parroquias das Mariñas betanceiras. Nos anos seguintes este mesmo grupo concurría ás festas da Coruña das que o fotógrafo

Pedro Ferrer deixou algunhas testemuñas gráficas de 1906 e 1907 na Praza de Touros da cidade. Nesta última pode verse a Paco tocando a caixa acompañando a seu pai Manuel na gaita e lucindo a fermosa chaqueta vermella que co paso dos anos se convertería nunha icona da indumentaria tradicional galega.

Neses primeiros anos de aprendizaxe, *Cafú* coñeceu e compartiu actuacións cos mais grandes gaiteiros do seu tempo como o *Vello Rilo* ou O *Ventoseira*, entre outros moitos.

En xaneiro de 1908 acontece un feito que marcará a vida de *Cafú* tanto no aspecto persoal como no artístico. Co prematuro falecemento de seu pai vese na obriga de continuar o seu legado e así, en abril, só tres meses despois, co seu grupo de baile concorre, representando a Galicia, a unha grandiosa festa que co nome de *España en Sevilla* se celebrou na capital andaluza durante mais de dez días para conmemorar o primeiro centenario da Guerra de Independencia. Nela participaron unha mancha de grupos folclóricos de case todas as rexións do estado. Co grupo asturiano ía o famoso gaiteiro de Libradón co que anos despois tamén coincidiría na Coruña.

Foron múltiples as actuacións do grupo de baile tanto en Córdoba, de camiño, como sobre todo en Sevilla, en diferentes escenarios, rúas, teatros, no Concello, na praza da touros da Maestranza, mesmo na caseta que Galicia tiña dedicada no recinto do Real da Feira de Abril, onde os galegos/as de Sevilla recibiron a visita sorpresa dunha ilustre paisana, a famosa bailarina da “Belle Époque” Carolina Otero. Bailaría Carolina a muiñeira ao son da gaita de *Cafú*?

A partir desa actuación o grupo que dirixía *O Cafú* foi moi solicitado para as festas das grandes vilas galegas. As da Coruña, das que Ferrer volveu deixarnos testemuño gráfico de varios anos; as de Amboage en Ferrol, onde *Cafú* participou nun concurso de baile, ou as de San Froilán en Lugo foron algunhas das que gozaron das cantigas e dos bailes do grupo do *Cafú*.

Máis tarde, xa na década dos anos vinte, a incorporación dos corpos de baile aos coros galegos acabaron desprazando ás “comparsas de aldeanos” que acudían ás festas das vilas ata provocar a súa desaparición.

En 1925 celébrase en Madrid a primeira *Exposición del Traje Regional e Histórico* onde da man de Seijo Rubio se exhibe, entre outros, o traxe de *Cafú*.

En xaneiro de 1926, a fotógrafa americana Ruth M. Anderson, que visitara a exposición do traxe pero non puidera facer fotos, viaxou a Betanzos para fotografar a roupa dos gaiteiros que tanto lle chamara a atención. Tirou 18 placas, seis autocromos (a cor), seis das pezas do traxe do gaiteiro e outras seis do tamborileiro (en b/n). Nestas fotos é José quen porta a chaqueta vermella e Paco quen leva o traxe que se fixera o grupo para ir a Sevilla.

Paco e José eran chamados desde Betanzos para calquera evento onde se precisara dunha gaita. Así tamén aconteceu no Ano Santo de 1926 na que marcharon abrindo a peregrinación a Compostela duns 1500 fregueses de todas as parroquias do arciprestado de Xanrozo.

Logo que xa se consolidaran as novas modas nos bailes, nos anos trinta os irmáns Manso criaron unha charanga dirixida por Paco e na que José tocaba o clarinete.

Pouco despois, o golpe de estado e as balas fraticidas acalaron as músicas por un tempo.

5. Conclusións

Lembrar ás persoas da nosa terra das cales bebemos para continuar o legado cultural musical é moi necesario. Deixar constancia da súa figura permite que esta non esmoreza e que nós, coma tamén as vindeiras xeracións, poidan coñecer o pasado para construír o presente e o futuro.

Consideramos que o evento foi punto de unión e aprendizaxe para a veciñanza da zona. Xerou unha grande alegría poder ver a familiares dos Manso Barrós quen se achegaron ao acto e dos cales sabemos que as novas xeracións están a formarse en música e baile tradicional galego.

Como proxectos de futuro, cómpre mencionar a inqueda desta asociación por achegarse ao traxe tradicional galego da comarca das Mariñas. En concreto, aos traxes dos *Cafús* retratados por Ruth Matilda Anderson nos catálogos xa mencionados.

O xornal *El Noroeste*, publica o 13 de agosto de 1907 os festexos en Coirós onde fai referencia a Manuel Manso González, pai de Francisco e José Manso Barrós, gran gaitero ao que dende o xornal se eloxia indicando «Pues este pueblo, que demuestra carácter y tesón, no debe descansar hasta que se eleve en la plaza de la capital, y a falta de ella, porque no la hay, en la encrucijada de dos congostras, un monumento que perpetúe la memoria de Manuel Manso, que es otra gloria del país»; ao que engadimos a necesidade dun monumento tamén á memoria de seus fillos como exemplo de músicos da comarca. Así, sirva a nosa pequena homenaxe como comezo do que aínda queda por reivindicar.

Dicía o *Cafú*, nunha conversa con Nuñez Lendoiro, que quedaba con pena por non deixar descendentes á gaita que continuasen o oficio. A nós, para darlle resposta e que nos poida escoitar aló onde estea, queremos dicirlle que o legado rexurdiu e mantense máis vivo que nunca tanto nos seus familiares como con nós, a veciñanza de Coirós que, sempre con el presente, seguimos adiante nesta faceta musical como noutras culturais³.

NOTAS

¹ Libro dispoñible na páxina web da asociación: <https://fillosdeois.org/coirospren.pdf>

² Dispoñible na Hemeroteca Virtual de Betanzos:
<https://hemeroteca.betanzos.net/O%20Garelo/garelo9%201971.pdf>

³ Agradecementos: pola colaboración e participación á familia do Cafú, á Biblioteca, Arquivo e Museo de Betanzos pola achega de materiais para a exposición, a Xabier Díaz García polo faladoiro e todas as conversas previas, ás bibliotecas públicas polos préstamos así como á veciñanza e ao Concello de Coirós e concelleiras/os municipais por acudir a reivindicar a figura dun veciño que nos pon no mapa como símbolo da nosa cultura musical tradicional.

BIBLIOGRAFÍA

CUNS LOUSA, X. e Veiga Ferreira, X.M. (2006). *Orquestras Populares das Mariñas*. Excmo. Concello de Betanzos.

FIANO SÁNCHEZ, M. e Gayoso Barreiro, M. (2021). *Coirós a través da prensa 1853-1982*. SCR D Fillos de Ois Deputación da Coruña.

-Fundación Caixa Galicia (2010). *Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia*. The Hispanic Society of America. Fundación Caixa Galicia.

-*Ruth Matilda Anderson. Unha viaxe pola indumentaria tradicional de Galicia* (2022). Museo de Pontevedra. Asociación Etnográfica Sete Espadelas.